REVISTA INFORMATIVA TRIMESTRAL

DOWN Galicia



A "REVISTA ESPAÑOLA DE DISCAPACIDAD" RECOLLE AS BOAS PRÁCTICAS

Down Galicia publica o seu traballo no ámbito do envellecemento

ADEMAIS...

Comeza ben o ano facéndote cun calendario Down!

Conclusións da Xornada de Educación: "O modelo educativo quedou desfasado"

Reivindicacións no Día Mundial das Persoas con Discapacidade

O OrientaConsello pecha temporada sendo finalista dos Premios Youtubeir@s!

Número 15 - Xaneiro 2020

ÍNDICE

Comeza ben o ano facéndote cun calendario Down	3
Down Galicia publica o seu labor sobre Envellecemento	7
Reivindicacións no Día das Persoas con Discapacidade	9
O OrientaConsello, finalista dos premios Youtubeir@s	13
Conclusións e materiais da Xornada de Educación	17
Down Galicia, contra a desigualdade na infancia	23
Mirada ao futuro e autocrítica no Encontro de Familias	25
Balance positivo no Servizo de Orientación Laboral	31
Máis noticias?	35
Séguenos!	36

© Publicación da Federación Down Galicia

Textos e deseño realizados polo Departamento de Comunicación



PÁXINAS 1-2

Sesión de Atención Temperá en Down Compostela



Fotografía do calendario de Down Ourense

CONSEGUE O TEU CALENDARIO DOWN DO 2020 EN OURENSE E NA CORUÑA

A Federación Down Galicia e as súas entidades membro deséxanche un feliz ano 2020. Para festexalo, que mellor que un calendario solidario para manter con enerxía e bo humor os próximos 366 días, apoiando ademais o traballo diario que se leva a cabo nas sete cidades do país.

Aínda estás a tempo de facerte co teu Calendario Down. Como? Aquí as instrucións!

Down Ourense percorre espazos emblemáticos da provincia

Nesta edición, a asociación ourensá conta coa colaboración da Deputación de Ourense e dos fotógrafos Alberte Paz, Brais Lorenzo e Agostiño Iglesias, que conseguiron captar en imaxes divertidos momentos de membros de Down Ourense en dependencias da administración autonómica.

Este ano a tirada é de 800 exemplares: 400 calendarios de parede e 400 calendarios de mesa, sufragados na súa totalidade pola Deputación de Ourense. Todos eles terán un prezo de 5€ e os beneficios obtidos coa súa venda irán destinados integramente ós programas de promoción da autonomía persoal que se levan a cabo en Down Ourense e que dan servizo a 76 persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais e ás súas familias.

Pódese adquirir o calendario na propia asociación (Rúa Francisco Huerta Vega, s/n) e nas tendas Angelo Milano

Down Coruña inspírase na chuvia no seu almanaque

Coincidindo coa conmemoración do seu 20 aniversario este 2020, Down Coruña pon á venda o seu primeiro calendario solidario. Con esta iniciativa, a entidade busca achegar á sociedade ás persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais e sensibilizar sobre os conceptos de diversidade e inclusión.

Para ilustrar os doce meses do ano, Down Coruña utilizou algunhas das fotografías da serie "Bailando bajo la lluvia" realizadas pola fotógrafa Ana Amado. Estas instantáneas, protagonizadas por mozos e mozas da asociación, foron finalistas nos Sony World Photography Awards de Londres en 2018.

Os beneficios obtidos coa venda dos almanaques, que teñen un prezo de 10€, irán destinados integramente aos programas de promoción da autonomía persoal que levan a cabo en Down Coruña e que, actualmente, dan servizo a 108 persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais e ás súas familias.

O calendario pode adquirirse nos dous centros que El Corte Inglés ten na cidade da Coruña (Centro Comercial Marineda City e Rúa Ramón y Cajal) e tamén na tenda Fnac de Praza de Lugo.

Manuel Álvarez Esmorís, presidente de Down Coruña, destaca que "este calendario pretende que as persoas que o compren teñan presente durante todo o ano ás persoas coa síndrome de Down".



PÁXINAS 5-6

Imaxe do calendário de Down Coruña



Down Galicia imparte Unidade Didáctica sobre Envellecemento na UDC

DOWN GALICIA PUBLICA O SEU TRABALLO NO EIDO DO ENVELLECEMENTO

A Revista Española de Discapacidad (REDIS), editada e coordinada polo Centro Español de Documentación sobre Discapacidad (CEDD) e promovida polo Real Patronato sobre Discapacidad y la Dirección General de Políticas de Discapacidad, publicou en decembro o seu último número do 2019.

Na súa sección Tribuna, onde se presentan reflexións e boas prácticas de entidades, profesionais ou persoas con discapacidade, a Federación Down Galicia publicou o seu artigo "Síndrome de Down y envejecimiento: una nueva situación que afrontar".

Este artigo céntrase na resposta das entidades Down de Galicia ante unha situación descoñecida ata o momento, o envellecemento precoz de moitos dos seus usuarios e usuarias. Deste xeito, preséntase o traballo levado a cabo pola Comisión de Envellecemento da entidade, a relación entre a síndrome de Down e a enfermidade de Alzhéimer e as conclusións sobre os beneficios dun envellecemento activo.

REDIS é unha revista electrónica de acceso aberto orientada á publicación de artigos de investigación ou de reflexión académica, científica e profesional sobre discapacidade, desde unha perspectiva multidisciplinar.

PÁXINAS 7-8

AS ENTIDADES DOWN DE GALICIA PARTICIPAN NOS ACTOS DO DÍA DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

Con motivo do Día Internacional das Persoas con Discapacidade, celebrado hoxe en todo o mundo, Down Galicia e as súas entidades membro participaron en diversos actos conmemorativos ao longo de todo o territorio galego.

Deste xeito, a Federación participou no organizado polo Comité de Entidades Representantes de Persoas con Discapacidade de Galicia (CERMI Galicia), do que forma parte, e pola Consellería de Política Social.

Neste acto, celebrado na Sede de Afundación de Santiago de Compostela, procedeuse á lectura do manifesto "SOS soidade. Eu tamén conto" e, a continuación, as persoas asistentes puideron desfrutar do vídeo conmemorativo do 20 aniversario do CERMI Galicia. Iker Sertucha, presidente da entidade, e Fabiola García, Conselleira de Política Social, pecharon o evento con senllas intervencións.

Campaña "Baixo o mesmo paraugas"

Varias entidades Down de Galicia participaron na campaña "Baixo o mesmo paraugas. Galicia pola diversidade", que diferentes entidades sociais de toda Galicia levaron a cabo en toda a xeografía galega.

Down Compostela, Down Coruña, Down Lugo, Down Vigo, Down Ourense e Down Pontevedra "Xuntos" participaron nos actos celebrados nas súas respectivas cidades.

A acción de cooperación asociativa "Baixo o mesmo paraugas. Galicia pola diversidade" nace no ano 2016, a proposta de ASPACE Coruña e apoiada por un total de 24 asociacións, co fin de organizar un acto conxunto para conmemorar o Día Internacional das Persoas con Discapacidade.

Exposición do Camiño Teimudo

Teima Down Ferrol organizou para este Día Internacional das Persoas con Discapacidade un acto vespertino no Ateneo Ferrolán. Alí programaron unha exposición fotográfica repasando a súa traxectoria dos últimos 25 anos e a intervención de varias persoas usuarias da entidade que compartirán as súas historias de vida.



Exposición de Teima Down Ferrol

PÁXINAS 9-10



PÁXINAS 11-12

Acto “Baixo o mesmo paraugas” en Santiago

O ORIENTACONSELLO PECHA SEGUNDA TEMPORADA SENDO FINALISTA DOS PREMIOS YOUTUBEIR@S

O micro-espazo OrientaConsello pecha este mes de xaneiro a súa segunda temporada acadando o capítulo número 27 e tras un outono con moi boas novas.

Down Galicia foi distinguida a finais de novembro, nunha gala celebrada no Teatro Principal de Santiago de Compostela, como unha das entidades finalistas ao Premio Youtubeir@s 2019 á calidade lingüística polo seu vídeo "OrientaConsello – O posto de ordenanza". Este premio recoñece o uso coidado e correcto da lingua galega.

Os OrientaConsellos son unha iniciativa da Federación que reivindica a inclusión e a filosofía colaborativa da rede, compartindo con todas aquelas persoas que o desexen consellos que as axuden na complicada tarefa de atopar un traballo. Neste caso en concreto, Paula Fernández, de Down Compostela, explica e o posto de ordenanza.

Agora, o espazo en liña de Down Galicia pecha a segunda temporada con vídeos chegados desde Ferrol e A Coruña. Por un lado, o *teimudo* Iago, comenta como debe ser un bo repartidor de prensa, por outro, o coruñés Jaime faino co posto de auxiliar de caixa, ao igual que a herculina Mónica co de auxiliar de elaboración de pizzas.

Grazas por seguir o programa estas dúas temporadas!

Capítulo 25: *Repartidor de prensa* , por Iago



Capítulo 26: *Auxiliar de caixa*, por Jaime



Capítulo 27: *Aux. Elaboración de pizzas*, por Mónica





PÁXINAS 15-16

Tod@s @s finalistas dos Premios Youtubeir@s 2019

CONCLUSIÓNS E MATERIAIS DA XORNADA DE EDUCACIÓN: "O MODELO EDUCATIVO QUEDOU DESFASADO"

A Federación Down Galicia organizou na súa sede o pasado 26 de outubro "Educación Inclusiva: Deseño Universal para a Aprendizaxe e boas prácticas", unha xornada didáctica e reflexiva que reuniu a máis de 180 profesionais docentes, de orientación e equipos directivos dos centros educativos de infantil, primaria e secundaria.

A formación, que permitiu a presentación de máis de 12 experiencias profesionais, deixou patente a urxente necesidade dun cambio nas aulas, xa que o sistema actual non está en condicións de dar unha resposta ás necesidades educativas de todo o alumnado. Desta maneira, a escola de hoxe, que deixa de lado ao alumnado con discapacidade ou que non cumpre o estándar e ritmo de aprendizaxe, debe dar paso á que estea constituída por un modelo que acepte os diferentes ritmos e maneiras de aprender de todo os nenos e nenas.

O obxectivo desta formación, homologada pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia, consistiu en contribuír a unha mellora na sensibilización e formación das persoas participantes na utilización de metodoloxías inclusivas. A xornada centrouse nunha ducia de testemuños entre relatorios e mesas redondas, onde destacaron as experiencias dos profesores Antonio Márquez Ordóñez e José Blas García Pérez.

"O importante é que haxa aprendizaxe, non que che diga a resposta tal e como ti a queres ler"

Antonio Márquez, mestre de Pedagoxía Inclusiva desde hai 13 anos e actual director do proxecto "Aula Desigual", expuxo, desde un punto de vista práctico e reflexivo, prácticas que fan a aula accesible e participativa a todas e todos os alumnos. O pedagogo andaluz criticou o modelo actual de educación: "Poñer o foco no alumnado ou nos recursos é poñelo no lugar equivocado, o problema é a barreira do sistema e o profesorado, que deben permitir que todas e todos participen".

Márquez quixo explicar as novas metodoloxías facendo antes un balance da forma máis tradicional e habitual de impartir as aulas baixo unha lexislación pouco inclusiva. "O modelo quedou desfasado. Ponse o foco en cambiar ao neno con apoios, pero non hai que cambiar ao neno. E ás veces, aínda que falten recursos, todo sería máis fácil se se cambiasen cuestións que xeran dificultades como barreiras curriculares, ao non facer as materias flexibles, ou barreiras físicas, cando o separamos nunha aula específica".

Este problema global, que afecta a todo o alumnado, tamén inflúe no momento da avaliación: "O importante é que haxa aprendizaxe, non que che diga a resposta tal e como ti a queres ler". O contexto curricular e lexislativo encorsetado e pouco flexible convida, ademais, á desmotivación do alumnado por esculcar e aprender da súa realidade e os seus intereses: "Por que se desmotivan? Por que non tentar cambialo para motivar?".

“Fanse diagnósticos, adaptacións, dáselles apoio… Incídese en se o alumno ten necesidades educativas especiais. Pero… preguntástesvos se a propia aula ten necesidades educativas especiais? Porque se cadra hai necesidade de ofrecer unha aprendizaxe interactiva, de ter diferentes espazos e ritmos de aprendizaxe, necesidades estruturais como equipos cooperativos, ofrecer alternativas ás explicacións ou que entre un segundo docente… Pero non, isto non se cuestiona, cuestiónanse unicamente as necesidades do alumno ou alumna”, reflexionou Antonio Márquez durante o seu relatorio.

Accede aos materiais e podcasts da Xornada



“A escola do futuro só poderá contemplarse se ten unha perspectiva social”

José Blas García, licenciado en Psicopedagoxía e mestre no IES Juan Carlos I de Murcia e tamén asociado na Universidade de Murcia na cal participa no Grupo de Investigación “Escola para Todos”, expresou a súa esperanza nunha “revolución inclusiva” que debe exercer toda a comunidade escolar: “Sabemos e podemos facelo”.

“As institucións só falan de orzamentos, da opción de poder elixir o colexio… pero non dun cambio de lexislación”, cuestionou José Blas. O psicopedagogo murciano expón que, mentres as administracións non dan o paso, o gran cambio comece nos colexios, acompañando “un movemento de renovación pedagóxica para atender á diversidade, porque a innovación na escola só poderá contemplarse se ten unha perspectiva social”. E é que, “a innovación se non é para todos e todas, é retroceso”, advertiu.

José Blas puxo sobre a mesa o custo de oportunidade que supón o paso do tempo para miles de nenos e nenas que día tras día seguen sendo excluídos mentres o sistema non produce e lexisla o cambio. “O convenio da ONU está asinado, pero as políticas, as culturas e as prácticas aínda non están á vista. Como os responsables educativos atrevémonos, e atrévense, a mirar para outro lado?”, reflexiona. Os políticos “din que nos escoitan e que avalan un cambio do sistema educativo que necesitamos pero, mentres, nenos e nenas quedan excluídos fóra da aula e perden a súa oportunidade”.

COMPRA ON-LINE E **COLABORA** CON DOWN GALICIA **SEN PAGAR MÁIS!**



· As plataformas HelpFreely.org e Wapsi.org **teñen un acordo** con moitas das tendas on-line onde mercamos (Booking, Aliexpress...).

· Accede á compra dende a plataforma que corresponda e unha **porcentaxe do importe** irá destinada a Down Galicia.

· O prezo **non se incrementa** e a túa compra axuda a que os nosos programas para persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual **sigan adiante.**

Compra segura,
Compra solidaria

DOWN Galicia
Federación Síndrome de Down

downgalicia.org

DOWN GALICIA APOIA AO CERMI NA DENUNCIA DA DESIGUALDADE E EXCLUSIÓN DA INFANCIA CON DISCAPACIDADE

A Federación Down Galicia fai seu o manifesto do Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade (CERMI) que denuncia que a infancia con discapacidade segue afrontando en España "graves situacións de desigualdade, exclusión e ausencia de benestar, que lastran as posibilidades efectivas de desenvolver e maximizar as súas potencialidades, dispoñendo de condicións para que o libre desenvolvemento da súa personalidade e a súa participación e achega á vida en comunidade sexan unha realidade".

O manifesto da organización elaborouse con motivo da celebración este 20 de novembro do Día Universal do Neno, cando ademais, cúmprense tres décadas da aprobación da Convención Internacional dos Dereitos do Neno, tratado internacional de obrigado cumprimento que fai mención expresa á infancia con discapacidade. Así mesmo, a Convención de Nacións Unidas sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade insta os estados a garantir a protección dos dereitos desta parte da cidadanía.

En España, segundo a Enquisa sobre Discapacidade, Autonomía Persoal e Situacións de Dependencia, residen ao redor de 130.000 nenas e nenos con discapacidade menores de 15 anos. Esta cifra supón o 2% do total destes

Para acabar coa falta de igualdade que existe, o CERMI e Down Galicia piden mellorar a atención temperá, xa que "os dispositivos públicos de promoción da autonomía persoal a través da atención temperá e o desenvolvemento infantil son precarios, descontinuos e insuficientes".

No manifesto rógase deixar atrás as "institucionalizacións forzosas" dalgúns menores con discapacidade, incrementando os apoios e sistemas que contribúan a que poidan vivir en comunidade. Ademais, esíxese garantir o dereito á educación inclusiva, garantindo os recursos necesarios para asegurar a igualdade de oportunidades.

Por outra banda, resaltan que "é inaprazable desterrar do ordenamento xurídico español calquera vestixio favorable ou permisivo coa esterilización forzosa, garantindo ás persoas con discapacidade os seus dereitos".

Por último, reclaman garantir o acceso en igualdade de condicións a infancia con discapacidade aos servizos sanitarios; reforzar a loita contra a violencia ou o risco de pobreza; fortalecer o apoio ás familias, e garantir que poidan participar de maneira activa, cos apoios necesarios, na toma de decisións que lles afectan.

MIRADA AO FUTURO E AUTOCRÍTICA NO ENCONTRO NACIONAL DE FAMILIAS

O 19º Encontro de familias e o 11º Encontro de Irmáns e irmás de persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual tivo lugar en outono en Andalucía. Asalsido Down Almería colleu o testemuño de Down Compostela, que organizou o evento o ano anterior, e levou á súa cidade o encontro, que se desenvolveu entre o xoves 31 de outubro e o domingo 3 de novembro. Ambos os eventos, coordinados con Down España, realízanse conxuntamente como xa é tradición.

A cita inaugurouse no Auditorio municipal Maestro Padilla coa asistencia de máis de 500 persoas vindas de toda a xeografía española e importantes autoridades, como o Ministro de Cultura en funcións, José Guirao; o Alcalde de Almería, Ramón Fernández Pacheco e a Consejera de Igualdad da Junta de Andalucía, Rocío Ruiz, entre outros. O acto estivo presidido por Xosefina Soria, presidenta de Asalsido Down Almería, e Mateo San Segundo, presidente de Down España.

O resto de xornadas transcorreron en instalacións da Universidade de Almería, onde tiveron lugar as diferentes conferencias, obradoiros e relatorios, tanto para familias como para irmáns e irmás. As actividades abordaron diferentes temas, abarcando as diferentes cuestións que inflúen no percorrido vital das persoas.

A continuación, as conclusións de cada obradoiro:

Cuestión de dereitos

– "Temos que reclamar esta igualdade en dereitos e loitar para que a contorna que nos rodea loite na mesma dirección. Non podemos permitir que un xuíz ou avogado deixe escrito que os nosos fillos son incapacitados"

– "É importante denunciar cando sintamos que se vulnerou un dereito para crear conciencia e abrir camiño"

– "Onde está o límite da actuación das familias? Hai que respectar os dereitos das persoas con discapacidade e reclamar a súa autonomía".

– "O dereito á intimidade é igual de importante que o resto. Non podemos esixir uns dereitos se estamos a renunciar a outros".

– "Hai que deixarlles ter o seu criterio, teñen que ter a súa voz tanto dentro como fóra da familia".

O futuro da educación

– "Hai que 'desaprender' o modelo de necesidades educativas especiais e facer un modelo enfocado á aprendizaxe multinivel que elimine barreiras".

– "A educación inclusiva mellora a formación de todos os alumnos e alumnas e é posible se cambiamos o sistema tradicional por prácticas como a aprendizaxe cooperativa, a valoración de intelixencias múltiples, a docencia compartida, o Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA) e as redes de apoio".

– “O que é bo para as persoas con discapacidade, é bo para toda a sociedade”.

Obradoiros de irmáns

– “Somos os estimuladores. Somos menos protectores que os pais, impulsamos a súa autonomía e independencia”.

– “Nós cremos nas súas oportunidades e creámoslles máis desafíos que os pais. Creamos máis situacións que lles axudan a potenciar as súas habilidades porque nos acomodamos nin sentimos condescendencia”.

Inserción laboral e emprego con apoio

– Como principais temores ante a posibilidade de que os fillos traballen, as familias confesaron sentirse preocupadas pola contorna que poida rodearlles, a utilización dos seus fillos como imaxe de marketing, frustración, a desconfianza nos empresarios .

– Como fortalezas, destacaron a mellora da autoestima das persoas coa síndrome de Down, a súa independencia, dignidade e proxección de futuro.

– “O emprego con apoio non é un fin, senón unha ferramenta para lograr a verdadeira inclusión social das persoas coa síndrome de Down”.

Vida adulta e envellecemento

O xerontólogo Gonzalo Berzosa, deu as claves para promover un envellecemento activo:

– “No envellecemento das persoas coa síndrome de Down é necesario ofrecer estímulos diferentes para que se produzan novas conexións neuronais, porque hoxe en día sabemos que o cerebro é capaz de automatizar respostas e iso non ofrece novos estímulos para eles”

– “Se os pais observan signos de alerta deben acudir ao neurólogo, ao psicólogo e aos profesionais das asociacións pois é importante actuar a tempo para que este proceso non se anquilose”

– “É importante traballar a estimulación neuronal, a través de actividades de prevención como: estimulación cognitiva, exercitar a linguaxe, actividade física, fomentar relacións sociais, fomentar hábitos saudables, e adaptar o mobiliario”.

Vida independente

– “A independencia non é só vivir fóra de casa, é ter privacidade na miña habitación cando veñen os meus amigos e a miña parella. É poder decidir que quero poñerme”.

– “É importarse centrarse máis na viaxe que nas metas. Durante toda a súa vida hai que ir traballando na súa autonomía, desde que nacen. Esa é a única maneira de que consigan os seus obxectivos”.

– Como paso previo á vida independente, deben ter responsabilidades dentro do fogar e que estas vaian avanzando en función das conquistas alcanzadas.



PÁXINAS 29-30

Obradoiro do Encontro de Familias e Irmáns

MEDRA A ATENCIÓN PERSONALIZADA NO SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL DE DOWN GALICIA

O Servizo de Orientación Laboral de Down Galicia acumulou no pasado período 1.321 accións de orientación para un total de 225 persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais en busca activa de emprego. Nesta ocasión, contabilizáronse 95 accións de atención personalizada máis que no curso anterior, o que reflicte a tendencia cara un servizo máis dedicado e individualizado. O balance está encadrado entre febreiro de 2018 e xaneiro de 2019, no caso das técnicas de orientación das provincias de A Coruña e Pontevedra, e de agosto de 2018 a agosto de 2019 no caso das provincias de Lugo e Ourense.

As accións de orientación realizadas van encamiñadas a facilitarlle estratexias e recursos axeitados ás persoas inscritas na bolsa de demandantes do Servizo de Orientación de Down Galicia, de xeito que a súa busca activa de emprego sexa máis efectiva. Os grandes grupos de accións de orientación laboral compóñense de itinerarios personalizados de inserción (380 entrevistas), sesións grupais (270) e entrevistas personalizadas (671), co obxectivo de dar resposta ás necesidades dos demandantes de emprego en función do seu perfil profesional. Por outra banda, tamén se manteñen reunións ou entrevistas telefónicas coas familias, chegando a un total de 139 no curso analizado.

O servizo conta con persoal técnico especializado e realiza as súas actuacións nas principais cidades galegas. Para elo, conta con tres orientadoras laborais, que prestan servizo itinerante desde os tres centros de traballo, situados en Santiago de Compostela, Vigo e Ourense, para dar cobertura á provincia de A Coruña -Ferrol, A Coruña, e Compostela-; á provincia de Pontevedra -Pontevedra e Vigo-; e ás provincias de Ourense e Lugo -Ourense, Lugo e Monforte de Lemos-, respectivamente.

O Servizo de Información e Orientación Laboral de Down Galicia é centro colaborador do Servizo Público de Emprego de Galicia, tendo competencias en materia de modificación de datos e actualización dos currículos dos demandantes que teñen como centro titor Down Galicia. Este servizo está financiado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.



Sesión grupal do Servizo de Orientación Laboral en Down Vigo

MÁIS NOTICIAS?

Accede a www.downgalicia.org para informarte de todas as novidades e publicacións da Federación e as súas entidades membro. Velaquí algunhas, fai click para lelas!

Down Vigo asina un convenio de prácticas profesionais coa Universidade de Vigo

Grazas ao convenio asinado en novembro entre o reitor da Universidade de Vigo, Manuel Reigosa, e o presidente de Down Vigo, José Manuel García Orois, os membros da entidade realizarán prácticas profesionais no campus.

Distrubuciones Froiz contrata a dúas persoas da bolsa de emprego de Xuntos para a campaña de Nadal

Desde hai xa varios anos, son moitas as empresas da cidade de Pontevedra e da súa comarca que confían no programa de Emprego con Apoio de Down Pontevedra "Xuntos". Un claro exemplo é Distribuciones Froiz, que desde os inicios do programa no ano 2002, contrata ano tras ano a dúas persoas da bolsa de emprego da entidade para a campaña de Nadal.

Mozos e mozas de Down Lugo participan nun interesante obradoiro de cociña

Alejandro Méndez, propietario e chef da arrozaría Os Cachivaches, impartiu un obradoiro profesional de cociña para mozos e mozas de Down Lugo, que pasaron unha divertida xornada entre fogóns.

SÉGUENOS!

DownGalicia.org

Facebook.com/DownGalicia

Twitter.com/DownGalicia

Youtube.com/DownGalicia

Flickr.com/DownGalicia

O Departamento de Comunicación de Down Galicia é o encargado de confeccionar, publicar e difundir todo evento ou aspecto noticioso das entidades membro da Federación. Non dubides en poñerte en contacto co mesmo no enderezo comunicacion@downgalicia.org.

Consulta a nosa política de privacidade

Subvencionado por

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL



DOWN Galicia

Opositor@s das entidades Down nun dos exames deste outono